

Alizée Delpierre

Servir os ricos

A Thelma, cuxos primeiros meses de vida
foron tamén os deste libro.
A Chloé, que escribe tan ben.

Introdución

Setembro de 2012. Un martes, arredor das dúas da tarde, teño unha cita con Geneviève, no seu domicilio, no distrito 8 de París. É a primeira vez que vou a ese barrio. Intimidada pola inmensidade e a maxestosidade dos edificios, abraiada pola limpeza das beirarrúas, fanme graza as mulleres que parece que se vestiron coma os seus cans (ou ao contrario?) e os homes de negocios que degustan as súas torradas con salmón afumado en bonitas *brasseries*, en plena semana. Chego antes da hora e preguntome: fará falta que leve algún agasallo? Se quedase con Geneviève nun café para a entrevista de traballo nin me faría esta pregunta. Pero así é distinto: que a entrevista sexa na súa casa faime dubidar. Entro nunha chocolatería de luxo, situada moi preto do edificio onde ela vive. Como son a única clienta ante as tres dependentas de uniforme que me miran sorrindo, non me atrevo a saír da tenda. Sen pensalo, merco unha caixa de bombóns de tamaño mediano a un prezo demencial, que meto furtivamente no bolso, tratando de non engurrar a bolsiña dourada de papel satinado que a contén. Voulla regalar a Geneviève como agradecemento por recibirme na súa casa para unha entrevista.

A miña cita é dentro dun cuarto de hora: demasiado cedo para timbrar, demasiado tarde para vacilar. Agardo ao pé do edificio, nerviosa. Ás dúas en punto timbro. Hai que franquear tres portas con código e interfono antes de chegar ao ascensor que me leva ao terceiro andar. Todo é bonito. Aínda que esa beleza —a das cousas antigas, das cousas

caras— non é realmente do meu gusto. Uns días antes chamara por teléfono a Catherine, a filla de Geneviève, quen me dixera que falase coa súa nai, porque neste momento ela se atopa na China co seu marido e cos seus dous fillos. Viven alí a metade do ano, pero Catherine busca unha *nanny*¹ para os nenos cando están en París. De modo que ese día Geneviève era a encargada de ver se o posto me «cadraba».

Ábrese o ascensor e chego ante a porta do piso. Vou vestida toda de negro e puxen uns pendentes de perlas brancas. É dicir, de falsas perlas brancas, de plástico, pero que parecen de verdade. Non quero cometer erros de gusto. Timbro. Nese momento dáme gana de fuxir. Oíu uns pasiños apresurados. Dúas ou tres voltas de chave na fechadura e dous ferrollos máis tarde, a porta ábrese ante unha cortina negra, que unha man aparta rapidamente. Fronte a min, unha muller miúda, duns sesenta anos, vestida de gris e branco. Sorríolle, doulle os bos días e téndolle a man. En lugar de estreitarme mírame cunha expresión neutra e saúdame cunha pequena inclinación da cabeza. Entendo que debo seguila. Dime que me instale no sofá dun inmenso salón. Espero un minuto que me parece unha eternidade. A muller que me abriu a porta regresa cunha bandexa e unha cunca de té. Póusaa na mesa baixa que hai diante de min e, antes de que poida darlle as grazas por recibirme na súa casa para unha entrevista, dime:

—A señora vén nun instante.

Comprendo entón que a señora que teño ante min non é Geneviève, senón a súa criada.

1 Moitas persoas adiñeiradas utilizan o termo *nanny* para designar as mulleres que coídan dos seus fillos. É un sinal da súa internacionalización e tamén unha marca de distinción que remite ás *nannies* británicas, moi reputadas. Ao empregaren o termo *nanny* no canto de *neneira* ou *baby-sitter*, os moi ricos fan ver que só contratan persoas de calidade.

A súa criada chámase Jelena. Polaca duns sesenta anos, é a primeira criada a tempo completo que coñecín en persoa. Ata entón só as coñecía das novelas, como a Célestine de Octave Mirbeau, a Adèle de Émile Zola, a gran Nanon de Balzac ou a Félicité de Flaubert. Para min, as criadas só eran personaxes pertencentes a unha época pasada ou claramente ficticias, produtos da mirada burguesa e das fantasías masculinas que eses escritores proxectaban nas mulleres das clases populares. Cando cobrei consciencia do feito de que Jelena era a criada de Geneviève abríuseme todo un universo: o das serventas das grandes fortunas, ao que ía consagrar unha investigación doutoral.

As serventas non desapareceron, nin moito menos, e segue chamándoselles así, contrariamente ao que afirmou un xornalista de *Le Figaro* que comentaba en 2018 a mobilización dos «chalecos amarelos»: «Esta peza de vestir remítenos igualmente ao chaleco dos mordomos e dos axudantes de cámara, dos empregados domésticos, os “serventes”, como se lles chamaba ata mediados do século xx. A expresión, xa en desuso, está prohibida pola corrección política, do mesmo xeito que os pasteiros tiveron que cambiar o nome das súas “cabezas de negro” por “merengues de chocolate”»². É certo que ese termo xa non sen emprega na linguaxe atemperada das institucións e das categorías estatísticas: os traballos a domicilio denomínanse «axuda no fogar» ou «asistencia doméstica», e os traballadores son «empregados domésticos» e «persoal de limpeza». No entanto, oíno dos labios de todas as persoas adiñeiradas coas que me reunín durante a

2 Jean-Pierre Robin, «Le grand retour des domestiques dans la société française», *Le Figaro*, 3-12-2018.

miña investigación. Aínda que esta evolución léxica traslada certas mutacións contemporáneas deses servizos, enmascara a persistencia dunha servidume plural, a tempo completo nas casas dos máis ricos. Utilizar esta palabra non supón, daquela, un anacronismo nin un descoñecemento das loitas das empregadas domésticas en todo o mundo polo recoñecemento do seu estatuto de traballadoras³, senón que é o único medio de facer visible aquilo que contribúe a que permanezan na sombra: o traballo a domicilio e todas as tarefas relativas ao coidado da *domus* (o fogar, en latín, palabra da que deriva «doméstico») e daqueles que a habitan.

A maioría dos serventes que coñecín son mulleres⁴. Estas ou son polivalentes ou especializáronse como institutrices, doncelas, cocíneiras, *nannies* ou lavandeiras⁵. Moitas destas mulleres teñen entre un e tres fillos, a metade delas están casadas, as outras son solteiras ou teñen parella de feito. Tamén traballan con homes que desempeñan funcións de mordomo, de axuda de cámara, de xefe de cocíña ou de chofer⁶. A maioría deses homes non teñen fillos ou teñen só un, e algo máis da metade deles están solteiros. Nas casas dos ricos, as serventas traballan a tempo completo, como mínimo de oito a dez horas diarias, e a miúdo moitas máis, para encargarse tanto das tarefas domésticas coma doutros aspectos da vida familiar, requiridas a cada instante para atender todos os seus desexos (ou case). Con poucas excep-

3 Jennifer N. Fish, *Domestic Workers of the World Unite!*, New York University Press, New York, 2017.

4 De aí o uso sistemático do feminino que fago neste libro para referirme ás 86 serventas coas que tratei na miña investigación, xa que o 72% eran mulleres.

5 O 36% destas mulleres serventas son polivalentes, o 17% institutrices e o 33% son *nannies*, damas de compañía, cocíneiras ou doncelas.

6 O 74% destes serventes son mordomos, o 22% son choferes e o 4% son cocíneiros, axudantes de cámara ou polivalentes.

cións, o servizo dorme na casa do empregador, ou preto, no mesmo edificio, predio, barrio ou cidade. Contratado a tempo completo, formado por unha ou máis persoas nun mesmo fogar, supón milleiros de persoas en Francia. Malia ser imposible contabilizalo con exactitude (os empregados do servizo doméstico non sempre se dan de alta, ou só a medias, ou baixo epígrafes que non permiten identificalos con claridade), é un sector profesional que posúe todas as características dun nicho, coas súas propias axencias de colocación e a súa formación de luxo, exclusivamente reservada ás familias máis privilexiadas⁷.

Esas familias compóñenas mulleres e homes, a maior parte dos cales forman parellas heterosexuais, a miúdo con fillos⁸, que todos os días fan que os sirvan outras persoas na súa casa, da mañá á noite, e ás veces de madrugada. As mulleres danlles as instrucións ás serventas e os seus maridos remuneráranas.⁹ Nada máis erguerse, eses patróns atopan o almuerzo preparado con esmero, a roupa dobrada na cadeira, os fillos peiteados e listos para que os leve ao colexio a *nanny* ou, aínda mellor, o chofer. Á tardiña, cando volven

7 Parte da miña investigación céntrase nestas axencias e nas escolas de *butlers* de luxo. Participei en catro cursos de formación para serventas, de dúas a tres semanas de duración cada un, en Francia, Países Baixos, a China e Suráfrica, compartindo o día a día dos alumnos. Esta parte da investigación non se vai tratar aquí, pero bota luz sobre o servizo doméstico dos moi ricos e contribúe de forma importante ás análises desenvolvidas neste libro.

8 Algo máis do 60% das persoas con grandes fortunas que participaron nesta investigación son mulleres, o 94% vive en parella e case o 95% ten un ou máis fillos.

9 Os vínculos financeiros que manteñen estes homes ricos co persoal doméstico, enmascarados polo lugar central que ocupan as súas esposas na xestión da relación, encárganse aquí no uso do xénero masculino para designar os xefes das serventas cando me refiro ao conxunto dos ricos. Esta elección non pretende invisibilizar as xefas, senón lembrarnos que viven nun medio social no que os homes, ausentes en gran medida do traballo doméstico, controlan o capital económico do fogar, con ou sen a súa colaboración.

do despacho, do ximnasio, do spa ou dalgunha inauguración, poden tomarse no sofá, tomar un baño quente ou arrouparse co edredón gozando da quietude dunha casa sempre limpa, ordenada e perfumada, coa neveira chea e cos nenos profundamente durmidos.

E así, dende hai máis de oitenta anos, Geneviève, rica herdeira dunha vella dinastía de aristócratas, saborea o privilexio de ter sido mimada por serventas coma Jelena, sempre á súa disposición. Cómpre dicir que esta criada leva trinta anos consagrada á limpeza, ao repasado da roupa, ás compras, á cociña, á merenda dos netos, á costura, aos encargos de toda clase, ao aseo da súa xefa, a deitala e levántala, e mesmo a vestila. O cuarto de Jelena linda co de Geneviève, de modo que pode espertar se a súa xefa a necesita en plena noite. Jelena está solteira. Geneviève, a súa filla Catherine e os seus netos son a súa única familia. Sente un grande afecto por eles. Católica fervente, todos os días dá grazas ao ceo por proporcionarlle ese traballo, ese teito, tras chegar a Francia apenas alcanzada a maioría de idade, sen papeis, sen estudos, sen falar unha palabra de francés. Outra polaca que coñeceu na misa introduciuna nos barrios ricos da capital e prometeulle que lle atoparía un «sitio bo». Dende entón, Jelena sempre viviu nalgún dos pisos que bordean o parque Monceau e o Arco de Triunfo.

Á SOMBRA DAS BALAUSTRADAS DOURADAS

Camiñando polas rúas deses barrios é difícil imaxinar que alí viven serventas. Estas mulleres e estes homes teñen entre outras particularidades a de permaneceren a salvo das miradas, tras as paredes de enormes pisos burgueses e de mansións da capital, de vellos castelos de provincias, de vi-

las do sur, de inmensas segundas residencias ás cales persoas moi ricas, coma Geneviève, van pasar as súas vacacións a calquera parte do mundo. Como traballa no silencio e no segredo do domicilio, o servizo doméstico é invisible. E, no entanto, dende hai moito tempo, no silencioso universo da xente adiñeirada, a riqueza das «grandes casas» mídese en parte polo número de empregados domésticos que traballan nelas. Na Francia do século XIX, as familias da burguesía media tiñan unha ou dúas serventas, a burguesía acomodada tres, a nobreza provinciana entre catro e dez, e as familias máis ricas entre unha e varias ducias, ou mesmo varias vintenas.¹⁰ Ademais da súa función de pompa, que se inscribía nas estratexias de distinción entre familias moi acomodadas, estas serventas encargábanse, sobre todo, do mantemento de inmensas propiedades.¹¹

Porén, a diminución da riqueza dunha parte das familias adiñeiradas ao longo do século XX reduciu automaticamente o número de serventas que traballaban nas súas casas. O aumento do custo da man de obra, a modernización das vivendas, cuxo mantemento xa non precisa de tanta xente, e a aparición dun novo concepto da intimidade, que cuestionaba a necesidade de ver circular o persoal a vontade pola casa, explican esta evolución, así como as críticas dos moi ricos á mediocridade e indocilidade das criadas.¹² Pola súa banda, as mulleres das clases populares sentíronse cada vez máis atraídas por outras profesións percibidas como menos

10 Margot Béal, *Des champs aux cuisines. Histoire de la domesticité en Rhône et Loire, 1848-1940*, ENS Éditions, Paris, 2019; Jacquelin Martin-Huan, *La Longue Marche des domestiques en France, du XIX^e siècle à nos jours*, Opéra, Paris, 1997.

11 Alain Ruggiero, «La bourgeoisie niçoise au milieu du XIX^e siècle. Essai de caractérisation», *Cahiers de la Méditerranée*, n^o 46-47, 1993, p. 85-95.

12 Anne Martin-Fugier, *La place des bonnes. La domesticité féminine à Paris en 1900*, Grasset & Fasquelle, Paris, 1979.

servís, grazas ás conquistas do movemento obreiro e ao progreso que supuxo o acceso das mulleres ao traballo asalariado. Estes cambios sociais fan que o traballo doméstico a tempo completo sexa aínda máis exclusivo hoxe en día, xa que contrasta coa figura da criada polivalente máis común a partir da década de 1950, a muller da limpeza que traballa para varios empregadores.¹³

Hoxe en día, os empregos de servizos a domicilio en Francia son, en efecto, maioritariamente a tempo parcial. Representan máis do 5% dos empregos, e un de cada oito fogares recorre a estes servizos, aínda que son cifras subestimadas que non sempre teñen en conta a economía somerxida.¹⁴ As profesións agrupadas baixo esta denominación non representan o 27% do mercado laboral, coma en Arabia Saudita, pero encarnan realidades e figuras familiares: mulleres da limpeza, axudas a domicilio, persoas que coidan nenos a tempo parcial. Son todos empregos que as políticas públicas contribúen a crear, regular e democratizar.¹⁵ En todos os países occidentais, os Estados ven nisto un xeito de investir no futuro, pois fan que os empregos de servizos persoais dean resposta á desigual repartición das tarefas entre homes e mulleres, aos problemas das persoas anciás e dependentes, ou ao desemprego dos traballadores menos cualifi-

13 Pierre Guiral e Guy Thuillier, *La vie quotidienne des domestiques en France au XIX^e siècle*, Hachette, Paris, 1978; Karine Vasselín, «Faire le ménage: de la condition domestique à la revendication d'une professionnalité», en Françoise Piotet (dir.), *La révolution des métiers*, PUF, Paris, 2002, p. 77-98.

14 International Labour Organization (ILO), *Making Decent Work a Reality for Domestic Workers. Progress and Prospects Ten Years After the Adoption of the Domestic Workers Convention*, 2011 (n° 189), Genève, 2021; Dares, *Rapport sur les services à la personne*, Dares Résultats, n° 70, dec. 2021.

15 Clément Carbonnier e Nathalie Morel, *Le retour des domestiques*, Seuil, Paris, 2018; François-Xavier Devetter e Sandrine Rousseau, *Du balai. Essai sur le ménage à domicile et le retour de la domesticité*, Raisons d'Agir, Paris, 2011.

cados. En Francia é un mercado florecente, como demostra a proliferación de empresas especializadas nestes servizos, algunhas das cales¹⁶ acapararon unha parte considerable do mercado. A servidume dos ricos forma parte dese mercado máis amplo dos servizos persoais que a crise da Covid-19 puxo de relevo, pero non ten nada que ver coa maioría dos empregos que o compoñen.

De cando en vez as serventas espertan a curiosidade dos medios de comunicación, con ocasión dun escándalo público ou dun turbio asunto de diñeiro, dando testemuño do carácter anticuado e folclórico dos modos de vida das máis altas esferas da sociedade, como ocorreu co mordomo acusado de colocar micrófonos na casa de Liliane Bettencourt.¹⁷ Pero para o común dos mortais, estas serventas e estas grandes fortunas parecen desenvolverse nun mundo inaccesible, estraño, arcaico e absurdo. As criadas encarnan a submisión, e os seus xefes, a dominación. Vivir baixo o mesmo teito cando proceden de medios sociais opostos parece imposible. Estas son só algunhas das razóns que explican o éxito da famosa serie de televisión *Downton Abbey* ou da película *Parasitos*, que gañou a Palma de Ouro e o Oscar á mellor película o ano seguinte.¹⁸ As relacións entre os xefes e as serventas fascinan e arrepían pola súa ambivalencia, que oscila entre a distancia e a intimidade, a harmonía e a violencia, a lealdade e a rebelión, das que a película *A cerimonia*, de Claude Chabrol, ofrece unha ver-

16 Por exemplo, a empresa O2.

17 Samuel Laurent, «Si vous n'avez rien suivi à l'affaire Bettencourt», *Le Monde*, 26-1-2015.

18 *Downton Abbey*, serie británica de Julian Fellowes, tivo un éxito mundial dende a súa emisión en 2015; *Parasitos*, filme de Bong Joon-Ho, gañou a Palma de Ouro en Cannes en 2019 e catro Oscars en 2020, incluído o de Mellor Película, logro que non se acadara dende 1955, con *Marty*, de Delbert Mann.

sión levada ao extremo.¹⁹ Estas obras cristalizan o impensable dunha *dominación próxima* levada ao seu paroxismo, que contrasta coa evolución dos costumes e das leis destinados a denunciála e a manter as distancias.²⁰ Lonxe dos clixés e das lendas urbanas, este libro céntrase nesta promiscuidade estatisticamente excepcional entre individuos situados nos antípodas sociais, mediante unha inmersión no universo, actual e moi real, das grandes fortunas e das súas serventas.

UNHA CONFRONTACIÓN SOCIAL NO CORAZÓN DO FOGAR

Abordei este universo dende as súas dúas vertentes: interesándome por unha banda nas serventas e pola outra nos ricos que as empregan. Esta elección era necesaria para comprender mellor os seus respectivos puntos de vista, pero tamén para evitar a tendencia de moitas investigacións sociolóxicas a centrarse exclusivamente nun grupo social. Aínda que fixen o posible por observar e escoitar ambas as partes, tiven coidado de non «traizoar» as palabras dos entrevistados, respectando a regra de ouro de todo etnógrafo, que consiste en *dicir sen prexudicar*.²¹ Daquela, non entrevistei as serventas e os ricos da mesma casa, senón que crei dúas subpoboacións distintas formadas por persoas que non estaban vinculadas por unha relación de servizo,

19 *A cerimonia*, película de Claude Chabrol estreada en 1995, inspírase nunha historia real, o crime cometido polas irmás Papin contra os seus xefes en 1933.

20 Dominique Memmi, Bruno Cousin e Anne Lambert, «Servir (chez) les autres. Pérennité et mutations de la domination rapprochée», *Actes de la recherche en sciences sociales*, vol. 5, n° 230, 2019, p. 108-119.

21 Florence Weber, «La déontologie ethnographique à l'épreuve du documentaire», *Revue de synthèse*, vol. 132, n° 3, 2011, p. 325-349.

o que non impide que algunhas delas se coñecesen, polo menos de nome ou de vista. De feito, as redes de coñecidos que estruturan o universo das grandes fortunas e o das serventas axudáronme moito a moverme por el.²²

Para achegarme todo o posible ás grandes fortunas, realicei numerosas observacións sobre o terreo e longas entrevistas, ás veces repetidas²³, con persoas que viven por toda Francia, sobre todo nas rexións de Île-de-France e na Costa Azul, onde se concentran. Insistín en reunirme con elas nas súas casas, o que a miúdo lles resultaba máis cómodo. Ao coñecer os seus fogares obtiven información valiosa sobre o seu nivel e estilos de vida, o seu xeito de ocupar simbólicamente e materialmente o espazo, e tamén as súas relacións coas súas serventas. A entrevista sempre empezaba ou terminaba cunha visita, e ás veces prolongábase se me convidaban a comer ou se outros membros do contorno dos meus entrevistados se unían á conversa. Algúns encontros tiveron lugar en cafés, restaurantes ou no lugar de traballo dos ricos. As súas «cantinas», «cuarteis xerais» e «remansos de paz», como eles din, pagan a pena: convidáronme a cafés de seis euros, zumes de froita de case vinte e ensaladas de máis de corenta. Algúns entrevistados mesmo se desculparon por non convidarme a sitios aínda máis máis prestixiosos e caros.

Cómpre dicir que os ricos deste libro están entre os máis adineirados. Multimillonarios, algúns deles milmi-

22 Convertín en anónimas todas as persoas entrevistadas cambiándolles os nomes e os apelidos ou ás veces eliminando dos seus perfís detalles secundarios que puidesen revelar a súa identidade.

23 Coñecín 123 persoas adineiradas, que representaban 108 fogares, xa que 15 das entrevistas se lles fixeron a parellas. Realicei con eles unha, dúas ou (máis raramente) tres entrevistas, que duraron polo menos dúas horas, e a miúdo moito máis. Co seu permiso, estas entrevistas graváronse e completáronse con todas as notas que tomei sobre a situación da investigación e o seguimento dos nosos encontros.

llonarios, forman unha gran burguesía estratificada en función da contía, a antigüidade e a orixe de cada fortuna. Unha parte deles herdou unha riqueza que se transmitiu a través de varias xeracións, o que os identifica cunha fracción da aristocracia que segue sendo moi rica²⁴. Os aristócratas que me concederon unha entrevista posúen varias propiedades en Francia, entre elas polo menos unha residencia en París ou nos barrios do oeste da capital e outra nalgunha das rexións. Estas mulleres e estes homes exercen profesións relativamente lucrativas, como avogados, médicos, responsables de empresas ou altos funcionarios. A miña investigación tamén se centrou nalgunhas persoas moi ricas que se fixeron millonarias en non máis dunha xeración, con carreiras moi ben remuneradas no comercio e nas finanzas.²⁵ Estas novas fortunas (de nacionalidades francesa, estadounidense, británica, suíza ou rusa, ou con dobre nacionalidade) posúen múltiples residencias en Francia e no estranxeiro. Caracterízanse por unha gran mobilidade internacional e profesional, pero tamén familiar ou turística.²⁶

Alén das súas diferenzas, todas estas grandes fortunas teñen en común un patrimonio importante, ingresos elevados e o emprego de serventas. Tamén son todas, salvo contadas excepcións, dos chamados países do Norte, pertencentes ás elites «occidentais» e brancas, das cales a parte aristocrática está arraigada en Francia, mentres que a outra, constituída polas novas fortunas, reside tanto en

24 Case o 41% das persoas ricas que coñecín procedían da aristocracia.

25 Estes novos ricos representan o 59% dos entrevistados.

26 Bruno Cousin, Shamus Khan e Ashley Mears, «Theoretical and methodological pathways for research on elites», *Socio-Economic Review*, vol. 16, n° 2, 2018, p. 225-249.

Francia coma no estranxeiro. Os aristócratas que coñecín manteñen vínculos transnacionais con outros membros da aristocracia europea e americana, sobre todo por medio do seu traballo, de matrimonios mixtos no seo das súas familias ou de círculos sociais transnacionais. As novas fortunas internacionalizadas tamén participan nos círculos sociais da burguesía francesa. Tanto as antigas fortunas coma as novas actúan en espazos sociais nacionais e transnacionais, cuxa articulación, grazas a unións matrimoniais dentro da mesma clase social, dan lugar a prácticas e representacións comúns que reforzan o poder que exercen como clase dominante relativamente unificada.²⁷

Fronte a elas están as serventas, as outras protagonistas da miña investigación. Reuníme con case todas elas nas casas dos seus xefes²⁸, o cal me permitiu aprehender o universo das grandes fortunas dende o punto de vista de persoas que vivían nos seus domicilios pero non de xeito completamente integrado. As pegadas da súa presenza están practicamente ausentes dos salóns e das terrazas. Roupa de traballo, panos de cocíña, produtos para o fogar, radios portátiles, brazaletes, chaveiros, libros de oracións ou pequenos adornos deixados nunha repisa ou nun andel conviven timidamente co mármore, os dourados, os cadros e as copas de cristal dos ricos. Pero, a pesar destas pistas, as serventas parecen ausentes, agás cando penetramos nas cocíñas, rochos e adegas, que frecuentan moito máis ca os seus patróns; nos

27 Na súa obra sobre a relación dos burgueses coa política, Kevin Geay indaga tamén en que medida a vella (gran) burguesía francesa se ve «obrigada», para perpetuar a súa pertenza de clase, a adoptar as prácticas internacionalizadas –en particular educativas– das novas fortunas. Kevin Geay, *Enquête chez les bourgeois*, Fayard, Paris, 2019.

28 Pasei moito máis tempo coas serventas ca o da entrevista gravada, e mesmo mantiven o contacto con elas a distancia, o que me axudou a gañar a súa confianza.

seus dormitorios, onde se poden manter longas entrevistas sen temor a ser oídas; nos seus estudos, ou mesmo nas súas casas, no caso das poucas que teñen unha.

Mentres relatan a súa traxectoria e a súa vida cotiá danme a coñecer o seu mundo: obxectos que lles lembran o seu país de orixe, fotografías dos maridos e fillos que deixaron atrás, moreas de roupa esperando a ser lavada, neceseres de maquillaxe que non usan case nunca, revistas das que só leron a primeira páxina. Algunhas veces coñecín os seus fillos e cónxuxes, que tamén me falaban dos «xefes» cunha mestura de gratitude e de amargura. Nalgunha ocasión fun de compras con elas, acompañeinas á igrexa ou á mesquita, á saída do colexio, á praza, a bares de barrio, momentos tan intensos coma breves, porque as serventas non teñen realmente tempo para si. Aínda que algunhas intentan conservar amizades e lazos familiares alén dos dourados muros do universo das grandes fortunas, isto nunca é doado. Moitas serventas chegaron en sucesivas vagas migratorias, contan con escasa formación, proceden das clases traballadoras e teñen dificultades para atopar un emprego estable. Pero, nas casas dos ricos, as serventas teñen a particularidade de que abundan e están xerarquizadas. Do mesmo xeito, hai perfís que son moito menos habituais nos outros traballos de servizos a domicilio: falei con serventas brancas, con homes, con persoas diplomadas que tiveran experiencias laborais bastante estables no sector da restauración, a hostalería, os artigos de luxo ou a xestión. No ámbito do meu traballo, as divisións sociais non só establecen unha distancia entre xefes e serventas, senón tamén entre unhas serventas e outras, de modo que a súa experiencia está marcada por unha soidade e unha especie de fragmentación que contrastan co xeito en que os ricos forman un colectivo unido e seguro de si mesmo.

As xerarquías e as relacións de dominación que se entrecruzan entre xefes e serventas, así como no seo das serventas, resultáronme aínda máis patentes cando accedín ao lugar onde se desenvolven: os domicilios dos moi ricos. Ademais de anotar todas as pistas significativas que albiscaba no momento do encontro, afondei na miña investigación con dúas experiencias laborais propias como *nanny* e axudante de cociña a tempo parcial, dando apoio a un equipo de persoas a tempo completo. A observación por parte de alguén que participa permite identificar detalles significativos e dinámicas relacionais indetectables dende o exterior, como demostran as investigacións da socióloga Christelle Avril sobre a axuda a domicilio a persoas dependentes.²⁹

A primeira familia que servín foi a de Catherine, a filla de Geneviève, que me chamou dous días despois da entrevista coa que abre este libro para confirmarme que me contrataban. Traballei para ela en París durante un ano, con cinco serventas, todas as tardes durante unhas horas, despois de que os nenos saísen do colexio. Igualmente acompañei os meus empregadores á vila que teñen na China durante dous meses do verán, onde traballei a tempo completo con outras seis serventas que vivían alí, en certa maneira como unha *au pair*. Posteriormente traballei para outra familia, a de Margaret, Philippe e os seus catro fillos, durante catro meses, varias horas ao día e algunhas fins de semana, con dúas serventas. Encargábame de axudar os nenos cos deberes, dunha parte da súa bogada, de acompañalos nas súas saídas e da cea familiar. A miña experiencia previa coidando nenos de

29 Christelle Avril, *Les aides à domicile. Un autre monde populaire*, La Dispute, Paris, 2014.

todas as idades, de animadora de festas de aniversario e campamentos de vacacións, e o meu grande interese pola cociña, o deporte e os traballos manuais axudáronme moito a levar a cabo estas tarefas. Por outra banda, nunca traballara en equipo no domicilio dos meus empregadores, e tiven que esforzarme ao máximo para aprender as normas de relación sobre as cales precisamente estaba investigando.

Esta inmersión deume acceso a palabras, interaccións, tensións e emocións que non se expresan nas entrevistas. A pesar do meu status un tanto insólito de estudante empregada a tempo parcial, puiden medir ata que punto o traballo en equipo suscita tanto o conflito coma a solidariedade. Observei as numerosas ambivalencias que caracterizan a relación de servizo entre os ricos e as súas serventas. Aínda que a estreita convivencia se ve interrompida polo traballo, as viaxes, os desprazamentos profesionais e as actividades de ocio dos ricos, non por iso deixa de ser continua nun espazo –o fogar– marcado pola intimidade, o segredo, a entrega e as relacións *supostamente* desinteresadas.³⁰ O servizo doméstico crea, pois, unha situación na que a relación salarial está presente onde non se espera que o estea, a diferenza, por exemplo, do traballo nunha oficina, nunha fábrica ou nunha tenda. Puiden medir ata que punto, para que esta relación funcione, os ricos a converten nun asunto colectivo, que implica toda a familia, pero tamén a rede de amigos, a veciñanza e, a miúdo, os comerciantes do barrio, para filtrar os que penetran na intimidade do seu fogar.

30 Viviana A. Zelizer, *The Purchase of Intimacy*, Princeton University Press, Princeton, 2005.